



INFORMACIÓN COVID-19

Estimadas familias:

Pola presente informamos dunha circunstancia de relevancia que tod@s debedes coñecer no referente ó Protocolo covid 19 do noso centro que como sabedes está baseado no protocolo da Consellería de Educación.

NO QUE SE REFIRE Ó PROTOCOLO SEGUIDO CON RESPECTO Á RECOMENDACIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DO USO DE “MASCARILLAS” NOS PATIOS DOS CENTROS EDUCATIVOS temos que informar que con data do venres, 18 de marzo de 2022, a Consellería de Educación publicou no seu portal educativo a seguinte normativa legal:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/36524>

ANUNCIOS

18/03/2022 | 14:42

Comunicación conxunta das Consellerías de Sanidade e Educación sobre a recomendación do uso de máscaras nos patios dos centros educativos - 18/03/2022

Tras esta publicación, convoquei como directora e Presidenta do Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro unha reunión extraordinaria para informar ós membros deste órgano de goberno do centro da nova normativa a este respecto, sendo o resultado desta reunión o seguinte:

1.- INFORMACIÓN ós membros do Consello Escolar sobre o acordo conxunto das Consellerías de Sanidade e Educación **sobre o fin da recomendación do uso da mascarilla** nos patios de recreo dos colexios públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicado no Portal Educativo (sección de noticias) o venres 18 de marzo de 2022 ás 14:42h.

A Presidenta informa ós membros do Consello Escolar que, con data do 18 de marzo de 2022 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou no seu portal educativo un documento conxunto desta Consellería e a de Sanidade para notificar a eliminación de recomendación do uso da mascarilla nos espazos exteriores dos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

2.-INFORMACIÓN á comunidade educativa sobre a implementación deste acordo.

A Sra Presidenta, informa que trala realización da reunión de Consello escolar, informará por escrito a tódalas familias do alumnado sobre esta modificación do Protocolo Covid do CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro en base á nova normativa publicada polas Consellerías de Sanidade e Educación.

Polo tanto, para cumprir o informado na devandita reunión enviáse esta circular informativa mediante a que:

1. Recoméndase que todo o alumnado leve no sucesivo ó colexio as súas mascarillas con cordón ó pescozo par poder quitalas e poñelas cómodamente ó saír ó recreo.
2. Respetarase rigurosamente a vontade das familias que por expresa recomendación ós seus fillos-as lles indiquen que leven a máscara nos patios de recreo a pesar da non recomendación oficial desta medida preventiva por parte das autoridades.
3. **O RESTO DOS PUNTOS DO PROTOCOLO COVID19 DO NOSO CEIP SEGUEN EN FUNCIONAMENTO, E NO QUE SE REFIRE ÁS MASCARILLAS, O SEU USO NO INTERIOR DO EDIFICIO SEGUE A SER OBRIGATORIO NO ALUMNADO DE 6 A 12 ANOS, E TODO O PERSOAL OU TRABALLADOR-A QUE TEÑA QUE ACCEDER A ESTE. CO ALUMNADO DE E.INFANTIL SEGUIRASE A REALIZAR PEDAGOXÍA DO USO DA MÁSCARA NOS ESPAZOS INTERIORES TAL COMO ESTÁ PROTOCOLADO DENDE SETEMBRO DE 2021 NO PROTOCOLO COVID 19 DO CENTRO PARA O PRESENTE CURSO.**

Para calquera dúbida quedo á vosa disposición no 619250465. Grazas pola vosa colaboración. Un saúdo agarimoso

CRECENTE, 21 de marzo de 2022

Asdo M^a Luz Brañas González
Directora do CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro